



CHAPEU DE MARIÑEIRO



1. Imos utilizar un prego de xornal, que son dúas follas unidas. Poñemos a parte aberta cara abaixo.

2. Despois de marcar o vinco medio, dobramos contra el as esquinas superiores, formando senllos triángulos rectángulos.

3. A primeira lapela da parte baixa, dobrámola para enriba pola metade.



4. Esa lapela dobrámola outra vez cara arriba, seguindo a liña inferior dos triángulos. Facemos o mesmo coa trela rectangular que nos queda, mais dobrándoa para atrás.

5. Xa repararías que estamos construíndo o chapeu clásico triangular. Pois este é o punto de partida para facer o gorro de mariñeiro, que ten como característica unha aba que tapa a zona da caluga.



5. Abrimos a figura anterior. Dobramos completamente unha das aletas, levando o vértice até o fondo, como se ve na imaxe. Faise seguindo a liña marcada na figura anterior.

6. O que nos dá, unha vez cerrada de novo, estoutra figura.



7. Nela dobramos cara a fora o outro vértice lateral. Esta é a parte que se porá sobre a caluga. Xa temos feito o noso gorro mariñeiro para irmos de pesca ao océano da nosa imaxinación.